




BIBLIOTECA

INVENTOS E INVENTORES DA SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL



INVENTOS DA II REVOLUCIÓN INDUSTRIAL



A. Solvay

Alfred Solvay


Inventor da **Torre Solvay** de carbonatado. Adquiriu a súa primeira patente para a produción de **sosa** en **1861**.

A sosa é un compoñente esencial en numerosas aplicacións industriais: fabricación do vidro, a metalurxia ou a fabricación de deterxentes.

Alfred Nobel

Inventa a dinamita, un explosivo plástico de enorme importancia para a construción, a minaría e a enxeñería, pero tamén para a industria militar.

Nobel acumulou unha enorme riqueza, pero tamén certo complexo de culpa polo mal e a destrución que os seus inventos puideran ter causado á Humanidade nos **campos de batalla**. A combinación de ambas razóns levouno a legar a maior parte da súa fortuna a unha sociedade filantrópica -A Fundación Nobel-, creada en 1900 co encargo de outorgar unha serie de premios anuais ás persoas que máis fixeran en beneficio da Humanidade nos terreos da física, química, medicina ou fisioloxía, literatura e a paz mundial, e a partir do ano 1969 tamén na economía.



Thomas Adams



O chicle (do náhuatl *tzictli*) é un polímero gomoso que se obtén da savia da árbore *Manilkara zapota*, orixinario de México, América central e América do Sur tropical. Polo seu sabor doce e aromático, numerosos pobos amerindios utilizaban a goma para mascar.


Thomas Adams concibiu o proxecto de utilizar o material como sustituto do caucho, que alcanzaba prezos estratosféricos para a época.

Sen embargo, a resina del *M. zapota* era demasiado branda para ese fin, e Adams perdeu grandes cantidades de diñeiro no proceso, despois de intentar empregala para facer neumáticos de bicicleta, xoguetes, botas de chuvia. A idea de comercializalo como sustituto da parafina, que a xente nova usaba para mascar daquela. En 1869 obtivo unha patente para a goma de mascar, e dous anos máis tarde comezou a comercializala en masa baixo a marca *Adams New York Chewing Gum*. En 1875 tivo a idea de mesturar o produto con xarope de arce e regaliz para darlle sabor.

Christofer Sholes

Tras patentar unha máquina de contar billetes ; un inventor afecionado, **Carlos Glidden** suxeriulle a posibilidade de converter o seu aparato nunha máquina de escribir. Catro anos despois patentou esa idea. En **1872** vendeu a patente da súa máquina que acabou en mans de **E. Remington and Sons**

O primeiro modelo industrial, fabricado por Remington, estaba montado sobre unha máquina de coser estándar. Neste modelo a escritura realizábase só con maiúsculas e permanecía oculta para o escribán; ademais, a máquina tiña un tamaño desmesurado, sendo por outra parte moi cara.






Levi Strauss

En 1872, Jacob Davis, quen compraba regularmente prendas a Levi, comunicou a este o inconveniente que presentaban os seus pantalóns: os petos descosíanse fácilmente co duro traballo da mina (a pesar de que utilizaba lona de tendas de campaña para a súa confección). Ambos atoparon unha posible solución: reforzar os bordes dos petos con remaches. Suxírelle que soliciten a patente do proceso e en 1873 chega a concesión desta e da marca rexistrada de EE.UU. Así se inicia a produción da prenda de vestir máis fabricada de todos os tempos: os vaqueiros.



Antonio Meucci



Graham Bell


Alexander Graham Bell.

As súas investigacións levárono a intentar conseguir a patente do teléfono en América, obténdoa en 1876, aínda que o aparato xa fora desenvolvido anteriormente por **Antonio Meucci**, sendo este recoñecido como o seu inventor en 2002, un pouco tarde xa que o italiano falecera en 1896. (Meucci bautizara o seu invento como teletrófono)



Non foi ata 1876 cando se creou o fonógrafo, que foi o primeiro aparato capaz de reproducir son. Cando Thomas Alva Edison anunciou a invención do seu primeiro **fonógrafo**, a primeira peza interpretada foi: "Mary had a little lamb"

Thomas Alva Edison



Empresario e prolífico inventor estadounidense que patentou máis de mil inventos (durante a súa vida adulta un invento cada quince días) e contribuíu a darlle, tanto a Estados Unidos como a Europa, os perfís tecnolóxicos do mundo contemporáneo.

Tamén é certo que foi polémico e tivo enfrontamentos con outros inventores da época como Tesla ou os irmáns Lumière sobre a "paternidade" dalgunhas ideas.



Coca-Cola

John Pemberton

Nun primeiro momento quería atopar a cura ás dores de cabeza e ó estrés, Pemberton experimentou coa noz de cola e a coca. A bebida, que combinaba lima, canela, follas de coca e sementes de arbusto brasileiro, foi chamada por algúns como «*o elixir médico*».

Foi o seu contable, Frank Robinson, quen lle deu o nome e deseñou o logo e o trazo da letra orixinal. Ademais, vendeu unha parte de **The Coca-Cola Company** a **Asa Griggs Candler** e cando morreu foi este quen adquiriu a compañía. O certo é que, como moitos grandes inventores, Pemberton non soubo obter moita ganancia co seu invento. En cambio, con Candler a compañía incrementou as vendas nun 4000%




Guglielmo Marconi

Marconi é popularmente coñecido como o inventor da radio, aínda que o seu dispositivo de transmisión radial, foi elaborado en base a numerosas outras patentes e experimentacións previas realizadas por outros científicos e inventores; non obstante Marconi foi responsable de impulsar e explotar comercialmente moitos destes preceptos ó poñer en práctica o seu propio mecanismo para a emisión e recepción de ondas radiais, sendo no desenvolvemento comercial onde Marconi tivo máis éxito que ningún, fundando *The Wireless Telegraph & Signal Company*, a través da cal encargouse de comercializar tanto a radio como todo o equipamento correspondente á mesma.

King Camp Gillette

Foi un empresario estadounidense coñecido por ser o difusor da **máquina de barbear**, aínda que existían varios modelos anteriormente. A innovación de Gillette foi unha folla delgada e de baixo custe, desbotable e de aceiro .





Wilhelm Conrad Roentgen

Tras varias probas con obxectos inanimados decide a practicar a primeira proba con humanos. Posto que non podía manexar ó mesmo tempo o seu carrete, a placa fotográfica de cristal e expoñer a súa propia man ós raios, pediulle á súa esposa que colocase a man sobre a placa durante quince minutos. Ó revelar a placa de cristal, apareceu unha imaxe histórica na ciencia: os ósos da man de Berta, co anel frotando sobre estes: a primeira imaxe radiográfica do corpo humano.


Así nace unha rama da medicina: a **Radioloxía**. O descubridor deste tipo de raios tivo tamén a idea do nome. Chamounos "raios incógnita", ou o que é o mesmo: "raios X" porque non sabía que eran, nin cómo eran provocados.



1896



Leo Hendrik Baekeland ([Gante](#) 1863- [Nova York](#), [1944](#)) foi un químico estadounidense de orixe belga, que inventou o papel fotográfico *Velox* ([1893](#)) e a **baquelita** ([1907](#)), un plástico barato, non inflamable, versátil e moi popular, que o converteu en millonario.




Responsable dunha auténtica revolución tecnolóxica, a era do plástico.



Os irmáns Lumière

Crearon un aparato que servía como **cámara** e como **proxector**: o **cinematógrafo**, que se baseaba no efecto da **persistencia retiniana** das imaxes sobre o ollo humano. Aínda que o patentaron en 1894, opinaban que «o cine é unha invención sen ningún futuro» e de feito abandoaron a producción cinematográfica, para seguir investigando sobre a fotografía en color.



Georges Méliès

Cando o 28 de decembro de 1895 Méliès asistiu invitado polos irmáns Lumière á primeira representación do **Cinematógrafo**, decidiu comprarlles unha máquina inmediatamente, pero eles negáron se a venderlla. Empeñado en facerse co invento, optou por construír a súa propia máquina cinematográfica. Pasou á fama por ser un gran innovador no uso de **efectos especiais**





AUTOR: Ramón X. Beltrán Carballeira. Dpto. De Xeografía e Historia